



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

O DRAGÓN QUE TIÑA O RABO MÁIS CURTO CÓ DUNHA BÓLA

Hai millóns de anos, nun país chamado Fricolacumbrequé había un dragón chamado Rabolongo. Os demais dragóns ríanse del porque tiña o rabo moi curto e non pegaba co seu nome.

- Mirade! O dragón que ten o rabo máis curto có rabo dunha bóla.
- Oíches, mamalón!, o nome non che pega nada –díciánlle.

E cada vez que o insultaban, o dragón sacaba unhas tesoiras xigantes e ameazaba:

- Como volvades insultarme, córtovos o rabo e quedavos igual có meu.

E marchaba sempre saltando, e cada vez que tocaba cos pés no chan, saían chispas.

- Oes? Si, ti es o do rabo máis curto có dun porco –díciálle outro dragón.

- Para empezar, non é porco, é bóla. E para continuar... Xa estou cheo!

E o dragón, cada vez que alguén o insultaba cortáballe o rabo aos dragóns, e nunca máis o insultaron.

Iso si, quedoulle o alcume de “Segarrabos”



Noelia Rodríguez López. S1D

ERNESTO



Unha vez Ernesto ía polo monte na súa bicicleta. Era xa media noite, non se vía case nada, ía frío e empezaba a chover. Ernesto meteuse nunha cova. Era moi longa e tiña moitos corredores e pasadizos. Acendeu un lume e comezou a durmir.

De noite sentiu que alguén lle murmuraba algo no oído. Espertou e viu un troll. Ernesto preguntoulle polo seu nome, pero o troll non llo contou. Díxolle que o seguira e o rapaz seguiu. O demiño levouno ante un pequeno buraco e díxolle ao rapaz que se metese alí e que ía parar a un cuarto cheo de diñeiro; o pícaro entrou e despois dun longo percorrido foi parar a unha recámara sen saída, só cunha fiestra no teito; logo cerrouse o buraco por onde entrara. El axiña comprendeu que estaba

atrapado.

De súpeto, pola fiestra apareceu a cara do troll e, ríndose del, díxolle que ía quedar atrapado para sempre. Ernesto colleu un croio e tirouno á fiestra, deulle ao troll, que caeu rompendo os cristais.

O rapaz escapou rapidamente pola ventá, colleu unha lata de gasolina, expandiuna pola cova e plantoulle lume.

MALUARTE

A semana pasada, cando estaba eu tumbada encima da cama lendo unha revista, apareceu unha luz pola ventá, e de repente apareceu un ananiño que levaba un gorro azul e un mono vermello.

Era pequeno e tiña as orellas puntiagudas, igual que o seu nariz.

- Ola, eu son Maluarte e vivo en Marte, onde estou?

- Estás en Melide, na miña casa, que fas aquí?



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

- Non o sei, cando espertei, aparecín aquí.
O trasno comezou a mirar a miña habitación e dixo:
- Este é un bo sitio para instalarse
- Que nin se che ocorra iso!
- Por que?
- Porque non, e punto –contesteille.
Mauarte comezou a berrar coa rabia, e de repente entraron os meus pais.
- Que pasa aquí?
- Nada, este trasno que...
- Imaxinacións túas, aquí non hai ningún trasno.
O trasno xa desaparecera.
Cando marcharon, Maluarte apareceu e eu collino nunha bolsa e empecei a darlle golpes contra a ventá. Cando o estaba facendo, apareceu detrás miña.
- Voute castigar –dixo con aire de resabido.
De repente, aparecín en Venus.
Revisei todo e estaba soa, construí unha casa e ao redor fixen un xardín. Pouco a pouco fun construíndo a miña propia cidade, con supermercado, librerías... pero seguía estando soa.
Unha mañá, cando estaba eu chorando na ventá, apareceu Maluarte.
- Creo que che chegou de castigo. Se queres concédoche un desexo
- Si, quero volver á casa.
- Iso non pode ser.
- Pois logo, quero que veñan os meus pais e amigos a vivir comigo.
Clin! Apareceron.
Co tempo, coas radiacións, convertémonos en extraterrestres. Aparecéronnos antenas, outro ollo, e a pel púxosenos verde.
Dende ese día, vivimos todos alí. Tamén compramos unha nave por se queríamos ir de viaxe á Terra.



Noelia Varela Puga. S1D

O MERLO COBIZOSO



Hai moito, por aqueles tempos, o merlo era branco coma a neve. Cando voaba confundíase coas nubes e cando andaba, coa neve. Así que a pega, cando se puxo nas pólas do abeto, non viu o paxaro, parado noutra póla próxima. O merlo pensou que andaba moi atarefada rañando a codia coas patas e picoteándoa co seu peteiro...

- Eh, pega! Por que maltratas o pobre abeto?

A pega, que non o vira, case cae do susto.

- Confesa! –saltoulle o merlo- Ensíname o que querías agochar baixo a codia do abeto.

Era un anel de ouro, fino e pulido, que brillaba na escuridade. O merlo revolteou ata a pega.

- Quero un así. Onde o atopaches?

A pega suspirou. O merlo era moi curioso.

- Lonxe, moi, moi lonxe –respondeu- Hai que ir ao centro da terra por un sitio nada bonito, amigo meu, alí é onde vive o Rei dos Tesouros Secretos.

- Lévame alí –dixo o merlo.

E seguiu á pega ata un lago no cume da montaña máis alta de por alí. Ao lado había unha cova moi negra.

- Aquí é –susurrou a pega- Escoita ben: primeiro atravesarás unha sala toda de cobre,



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

despois unha de prata e por último, outra de ouro. Se consigues pasalas todas sen tocar nada de ningunha, chegarás á sala do trono de diamantes co rei sentado nel. Darache o que lle pidas.

- Vale, adeus.

- Sobre todo, non toques nada.

E todo sucedeu como dixo a pega. A primeira sala era de cobre, a segunda de prata, pero... Ai! O merlo quedou pasmado coa beleza daquel lugar, non só había paredes, teito e chan de ouro, senón que ata había area de ouro e miles de cacharros do mesmo metal! O merlo non aguantou máis, meteu o peteiro na area. Pobre paxaro! Que fixo? De súpeto oíuse como do teito saía o Rei dos tesouros secretos. Era estraño, o merlo viu un homiño pequeno, cunha coroa de zafiro, roupas de xade e un cetro de cristal:

- Desgraciado! Como te atreves a tocar os meus tesouros sen o meu consentimento? – berrou o rei- agora, destruireite! Fadas, ninfas, trasgos, bruxas e magos, invocate para min a peor criatura e que mate este cobizoso merlo mandándoo así aos infernos!

Dito isto, un monstro máis horrible que eu que sei apareceu na sala nunha nube de ouro. O merlo xa estaba case fóra cando o último sopro da criatura o alcanzou.

Á entrada da cova a pega seguía esperando.

- Xa vexo, non te resistiches á tentación do ouro.

- Xa ves? E que ves? Me cago no demo! –dixo o merlo sen alento.

- Mírate na auga.

O merlo inclinouse sobre o lago, agora era negro coma un anaco de carbón, excepto o peteiro, que quedou dourado coma a area, e iso tranquilizouno un pouco.

Uxía Parrado López. S1C

RUBÉN O DETECTIVE

Rubén era un rapaz que tiña 17 anos, era alto, louro e tiña perilla.

Seus pais, Sara e

Manuel, mudáronse de casa, esta tiña trasteiro e soto.

Ao día seguinte de instalarse, Rubén baixou ao soto e encontrou unha pelota. Como era afeccionado ao fútbol e ademais era bo xogador, púxose a darlle patadas, e, de repente, apareceu unha pantasma que lle repetía que se fose e que non lle contará a ninguén que estaba alí escondido, en caso contrario, mataría. Rubén foise sen dicir nada e subiu á súa habitación.

Á mañá seguinte, un home petou á porta, Sandra abriulle e este dixo se podía ver a súa casa. Os pais de Rubén aceptaron. Primeiro ensináronlle o trasteiro e viu que estaba todo en orde; logo viu a cociña, o comedor, a sala de estar, os dormitorios, os baños e tamén viu que estaba todo en orde. O home mirou o reloxo e dixo que se tiña que ir, aínda que quedara sen ver o soto. Rubén alegrouse.

Pasaron catro anos, Rubén tiña 21 e estudara para ser detective.

Un día saíu buscar traballo e despois de dúas semanas encontrouno en Barcelona.

Cando estaba ins-
dun home que buscaba o culpable da morte da súa muller e o roubo do seu coche. Rubén sorprendese ao ver que era o mesmo señor que estivera na súa casa. O home explicoulle que a policía deixara o caso por non ter ningunha proba.

Dous meses despois, resolveu o caso, o asasino fora o amante da súa muller.

O home era pobre, como non tiña diñeiro, díxolle que lle axudaría nos seus próximos casos. O seguinte caso tratábase dun bebé abandonado nunha casa, e anos despois os seus pais adoptivos querían saber quen e por que o abandonaran.



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

Ao mes seguinte, coa axuda daquel home, resolveu o caso.

Esa fin de semana saíu a divertirse, coñeceu unha rapaza que tamén era detective e que se chamaba Susana. Despois dunha longa conversación sobre os casos de cada un, fixéronse amigos.

Un ano despois, Rubén tiña 22, Susana saía con el todas as fins de semana. Unha tarde faláron da idea de abrir unha axencia de detectives. Despois dunha longa discusión sobre o tema, chegaron a un acordo.

Medio ano despois, o 8 de xuño, inauguraban a axencia, ocasionalmente ese día era o aniversario de Rubén, 23 anos. Pola noite, cando o estaban a celebrar xorde un problema, Rubén tiña unha chamada do home para dicirlle que tiña problemas. Rubén presentouse de inmediato no lugar que lle indicara, a azotea do edificio máis alto da rúa Prats. Aterrara un OVNI chegado de Marte con bombas e pistolas de raios láser para facer estoupar a Terra. Rubén, de inmediato, foi xunto un feiticeiro para pedirlle unha poción para facelos desaparecer, pero o feiticeiro díxolle que necesitaría uns meses para facela.

Como non había tempo que perder, volveu ao lugar. O OVNI estaba manexado por un robot e o "alien" que o acompañaba, os extraterrestres capturaran un ancián. A cousa poñíase difícil porque eles só tiñan un puñal e unha espada.

Ese día deuse conta de que había cousas que non podían solucionar os detectives e decidiu chamar o exército, que tomou o mando.

Ao exército, con todas as súas armas, non lle foi difícil arrestalos e poñer orde na cidade. Estefanía Martínez Núñez. S1C

A SOMBRA DO DRAGÓN

Estaba alí, naquel estraño lugar. A xente corría dun lado a outro como fuxindo de algo, algo do que eu non me decatara. Intenteille preguntar a unha muller que corría desesperada, seguida dos seus tres fillos, pero non me escoitou. De súpeto unha sombra xigantesca escureceu máis aínda aquel ceo vermello. Non había dúbida, era el. Ía coñecer aquel ser do que tanto oír falar. Esa sombra veloz que leva os nenos, ninguén sabe como nin para onde. Era o gran dragón do castelo de Pambre.

Agora entendo a desesperación coa que corría aquela señora.

A lenda di que o dragón do castelo de Pambre rouba os nenos para convertelos en escravos. O curioso é que non é el quen os leva nas súas poderosas garras; simplemente desaparecen unha vez que a sombra do enorme animal cobre a vila.

Aínda que era consciente de que con só sete anos o meu futuro era incerto, non sentía medo. Naquel momento só pensaba nos meus pais e a miña irmá que viña de camiño.

Xisela Fuciños Vázquez. S1B



A LEBRE DISFRAZADA DE VELLA

Érase unha vez unha lebre que estaba farta de vivir no bosque e cheirar mal. Un día ocorréuselle disfrazarse de vella, dunha vella pobre que non tiña para comer. Horas despois pasou unha velliña chamada Isabel e a lebre atacouna, Isabel en seguida caeu no chan inconsciente mentres que a lebre lle sacaba a roupa e a poñía ela.

Desde ese día, a lebre, máis coñecida como "a fera" poñíase todas as tardes na praza da vila, un lugar chamado Castromil. Sentábase na praza e ao seu lado tiña un carteliño que poñía: "Son unha pobre velliña que non ten nin para comprar un bocadillo. Unha esmola".



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

Toda a xente da vila de Castromil cría o conto e todos os días dábanlle unha boa propina coa que a lebre non dubidaba en comprar cousas finas, perfumes, etc. Pero ás 8 da tarde cambiábase para volver á praza e seguir rogando esmolos.

Un día, unha señora chamada Dolores descubriu o engano da lebre porque lle viu o pelo, o pelo que non parecía dunha vella, e gritou:

- Esta é unha impostora, enganounos a todos co conto de que era unha vella, e mirade agora, ata parece que ten máis cartos ca nós, viviu á nosa conta! Impostora!

A “fera” sentíase moi avergonzada e ao cabo dun día deuse conta de que o seu destino era ser unha lebre, unha simple lebre que nacera para habitar no bosque e ter amigos animais.

Pero agora, coas súas mentiras e os seus enganos nin os animais do bosque a querían preto deles.

Á lebre non lle quedou máis remedio ca pedir perdón coas seguintes palabras: “Perdoade, fun moi inxusta ao pensar que podía ser o centro do universo e ter uns amigos mellores, pero agora Deus deume o meu castigo e fíxome comprender que non podo ter mellores amigos ca vós” Os animais, con boa fe, perdoáronlle e seguiron no bosque todos felices e contentos, como unha familia.

Mónica Iglesias Parrado. S1



QUEN FALARA?

Imanol era un rapazolo de 14 anos que vivía en Galiza.

A el gustáballe moito viaxar, por iso todos os veráns ía de vacacións á Rioxa, que era o seu lugar de nacemento.

Xa remataran as clases e, coma sempre, estaba inquedo por marchar para alá.

Despois de moitos días de angustia, a espera xa rematara.

Chegara o día!

Pero...

Levantouse da cama e viu que enriba do armario había algo que nunca antes vira. Chamoulle a atención e foi mirar para ver o que era.

Colleu a cousa na man e, tan asombrado estaba, que ata pálido se puxo. Sabedes o que era esa cousa? Pois, é demasiado difícil de explicar, pero ao parecer era unha boneca diabólica. Aínda que el lle tiña moito medo ao feito de ter na casa unha boneca diabólica, decidiu levala con el de vacacións.

Xa aló, a boneca comezou a facer cousas un tanto raras.

E, de repente, escoitou!

Imanol, Imanol!

Era a boneca quen o chamaba!

Gloria Corral Cea. S1A

O MONSTRO DE IBERIA

Manolo era un rapaz novo e atrevido que nunca montara nun avión. Era a primeira vez. El e mais os seus pais ían de excursión a Mallorca. No aeroporto de Santiago de Compostela compraron os billetes e, tras unha longa espera, marcharon. Manolo sentou no asento. O avión era cómodo, pero o que non sabían era que tamén era perigoso. Era un perigo insospeitado.

A medio camiño, Manolo viu unha sombra debaixo do seu asento e, de golpe, levantouse con tanta forza que tropezou contra o teito. Todos miraban para el, asombrados da acción do neno.



OS NOSOS CONTOS DE 1º ESO

A sombra subiu pola parede, colgouse do teito e fíxose visible. Era un monstro pequeno. Tiña unhas grandes gafas cor vermella e uns pequenos ollos marróns. Non tiña pelo, senón unha viscosa masa verde, o nariz pequeno e chato e unha boca que case non lle collía na cara. Tamén tiña unha gran barriga e unhas pequenas patas.

O neno levantouse e correu polo corredor cara ao baño. Alí encerrouse sen deixar pasar a ninguén. Os outros pasaxeiros tamén corrían, pero a maioría sen saber o que pasaba. Corrían simplemente por ver os outros con medo. O monstro entrou na cabina de mandos e os pilotos desmaiáronse. Ninguén conducía o avión.

O monstro plantouse diante do baño e comezou a chorar. Manolo deuse conta de que non tiña malas intencións, entón abriu a porta do baño e saíu lentamente.


O monstro mirouno e pediulle a súa amizade. Xusto entón, o avión comezou a descender en picado.

Manolo foi correndo á cabina e espertou ao piloto. Logo o avión aterrou en Mallorca e durante as vacacións o neno e o monstro fixéronse moi amigos.

Agora chámalle o monstro de Iberia, por aparecer nun avión desta compañía.

David. S1D

O MAGO-AGUIA



Estaba eu na miña habitación unha noite estrelada mirando cara as estrelas cando, de súpeto, unha púxose a brillar moito e mirei para ela fixamente, cando me decatei de que me chiscaba un ollo. Eu devolvínllo e vin que se achegaba cara a min cunha gran rapidez. Pero, cando chegou á miña habitación, transformouse nunha fermosa aguia parlante que me dixo:

- Ola, son o Mago-aguia que veño facer os teus soños realidade –dixo con aire moi sabio. Tes que pedir tres desexos.

Eu, sorprendida, pensei que todo era un soño fantástico dos meus, pero non, todo era realidade. Entón respondílle:

- Que non haxa guerras no mundo, é o que máis desexo de todo, paz para todos; pode facerme ese soño realidade?

- Si –respondeu- pero trátame de ti, muller.

Sacou unha ramiña de oliveira do peto, meteuna na boca e converteuse nunha pomba. De súpeto, volveuse outra vez aguia. E dixo que xa estaba concedido.

- Cal é o teu segundo desexo?

- Ir polo ceo, visitar todo o universo, todos os astros e todo o firmamento.

- Vale, iso está feito.

Fomos montados nunha bicicleta espacial, con dous turbos detrás.

Visitamos todo, todo o universo. Canto volvemos á habitación, díxome que lle pedira o terceiro desexo, que tiña que marchar para o ceo, xa que ía amencer. Eu dixen:

- Que non te vaías nunca, ese é o meu desexo.

- Pero iso non pode ser, teño que marchar, pide outro.

- Quero vivir feliz ao longo da miña vida.

- Iso si, ese desexo está concedido –dixo con voz moi forte- xa está, xa cho concedín.

Eu, moi feliz, díxenlle:

- Grazas!, Moitas grazas!. Virás algunha vez visitarme?

Non contestou, foise afastando ata chegar ao ceo. Ao chegar alí, a estrela dixo:

- Si!!!!!!!, adeuuuuuuss!!

E entón quedei durmida, pero xusto nese momento entrou miña nai pola porta para que me erguera. De repente, houbo un contratempo que logrou que se fixese outra vez de noite para que eu volvera durmir, ese foi Mago-aguia.

Inés Roca Agra. S1D